

ANUNCIO

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL DUN/DUNHA ENXEÑEIRO/A DE MONTES AO ABEIRO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL 2022)

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 565/2022 de data 07/11/2022, acadouse, entre outros, modificar a cláusula sexta das Bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral dun/dunha enxeñeiro/a de montes en substitución do que causou baixa e durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado (ata o 13 de marzo de 2023), a xornada completa e para a execución do “Programa de optimización forestal 2022”, ao abeiro das subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL 2022), aprobadas por Resolución da Alcaldía núm. 537/2022 do 19/10/2022, co obxecto de ampliar o prazo de presentación de solicitudes, de xeito que a redacción modificada sería a seguinte:

“6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen formar parte das probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Dodro e deberá realizarse segundo o modelo que figura como ANEXO I ás presentes bases, que incluírá unha manifestación de que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

As persoas interesadas que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria e pola contra, quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta, que se efectuará unha vez rematado o proceso selectivo.

As persoas candidatas propostas pola oficina de emprego de Santiago-Norte deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Dodro as solicitudes e a documentación adicional para participar no proceso selectivo, no modelo que se achega como Anexo I, sendo o último día de prazo o 10/11/2022.

Presentarase no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último caso deberase remitir copia da solicitude ao correo electrónico info@dodro.gal antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

A instancia (segundo modelo Anexo I) irá inescusablemente acompañada da seguinte documentación:

- 1. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, ou resgardo do mesmo, ou documentación equivalente.*
- 2. Declaración responsable de que cumpre o requisito esixido no apartado b) da base 5 e de que non está incurso en ningún dos supostos recollidos nos apartados d) e e) da mesma base.*
- 3. Declaración responsable de non ter sido contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas*
- 4. Fotocopia da titulación académica exixida:*
 - a) Titulación superior de enxeñeiro/a de montes ou equivalente*
No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
 - b) Fotocopia do título de Celga 4 ou os correspondentes equivalentes.*
- 5. Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame.*

Presumirase que a documentación é auténtica, e unicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso.

Rematado o prazo de presentación de instancias a alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes aprobando a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

A dita resolución será definitiva de non haber excluídos/as, e será exposta no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica, relacionándose as persoas aspirantes excluídas coa indicación da causa de exclusión. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo dun día hábil para achegar as emendas das deficiencias sinaladas, ao Rexistro Xeral do Concello de Dodro. Estas reclamacións e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución que probe a lista definitiva, que se publicará na mesma forma.

Na dita Resolución da Alcaldía determinará o lugar, data e hora de realización da oposición, así como a composición do Tribunal Cualificador.

O chamamento para posteriores probas farase público polo órgano de selección nos locais onde tivera lugar a proba anterior ou na sé do Concello.

Contra a resolución na que se declare a exclusión definitiva da persoa aspirante, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, ante a Xurisdición Contencioso- Administrativa, contados a partir do día seguinte da publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello de Dodro."

O que se publica aos efectos oportunos

Documento asinado dixitalmente

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís